

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 21 DE SETEMBRO DO 2023.

ASISTENTES:

Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE Membros que asisten: SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte e un de Setembro do Dous mil vinte e tres, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/185

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 15/09/2023. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LAS OBRAS DE "REHABILITACIÓN Y MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DE LA CASA CONSISTORIAL DE RIBEIRA. REFORMA INTERIOR E INSTALACIONES.". (PIREP 1) - REACT-UE NEXT GENERATION""

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/202

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/09/2023. DECRETO: "ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE "SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE UN SISTEMA DE ILUMINACIÓN EN EL AUDITORIO DE RIBEIRA PARA LA MODERNIZACIÓN DE LAS INFRAESTRUCTURAS DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y MUSICALES, FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU""



3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/211

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/09/2023. DECRETO: "EXCLUSIÓN 1º CLASIFICADO Y REQUERIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN AL 2º CLASIFICADO PARA LA ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE "SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE UN SISTEMA DE PRODUCCIÓN, GRABACIÓN Y EMISIÓN DE EVENTOS EN EL AUDITORIO DE RIBEIRA PARA LA MODERNIZACIÓN DE LOS SISTEMAS DIGITALES DE VIDEO, FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATIONEU""

4.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 18.09.2023:

16450	06.07.2023	JOSÉ MANUEL LIJÓ SANTOS, limpeza de tellado e fachada, na Avda. de Ferrol, nº 73, Ribeira.
16930	12.07.2023	JOSEFA MILLÁN SANTOS, rehabilitación de tellado de alpendre, cambiar tellas rotas e movidas por unhas novas, no lugar de Gándara, Oleiros.
18902	16.08.2023	TERESA BAAMONDE SILVA, apertura de grietas no penal e fachada en rúa Listres, 23, Aguiño.
18915	16.08.2023	JOSEFA PAZ SAMPEDRO, cubrir con mortero a parede, no Outeiro, nº 30, Carreira.
18847	14.08.2023	RAMÓN RIVAS PÉREZ, limpeza e pintado de fachada, na rúa Brasil, 2, Ribeira.

5.- RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA 2023-DISU000010 – Heber Daniel Otero Salomón

En relación co expediente de reposición da legalidade urbanística (EXP 2023/DISU 000010), sobre **construción de vivenda unifamiliar** no lugar de Martín, Brañiñas, Pol 18, Parcela 158, Ribeira, da que é promotor D. Heber Daniel Otero Salomón e denunciante Dna. María Remedios Martínez Suárez, e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de outubro de 2022 na que por unanimidade acordase **CONCEDER** a D. Heber Daniel Otero Salomón, **LICENZA DE OBRAS Nº 32/22** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR** no lugar de Martín, Brañiñas, Pol. 18, Parcela 158, Ribeira finca de referencia catastral 15074A018001580001LL, nos termos do Proxecto Básico redactado polo arquitecto D. Sergio Lucio Paniccia Mahieu.

SEGUNDO.- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de febreiro de 2023 na que por unanimidade acordase **PRESTAR CONFORMIDADE** á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 32/22, concedida pola Xunta de Goberno local en sesion ordinaria celebrada en data 27 de outubro de 2022.



TERCEIRO:-Denuncias no exercicio da acción pública ao abeiro do artigo 62 do real decreto legislativo 7/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana presentadas por Dna. M^a Remedios Martínez Suárez.

CUARTO:- Informe emitido o día **27 de abril de 2023** pola **arquitecta técnica municipal** Dna.Nuria Morgade Pouso.

QUINTO:- Decreto de Alcaldía de día 27 de abril de 2023, mediante o que se acordou o seguinte:

“
(...)

PRIMEIRO.- *Dispoñer a inmediata paralización da vivenda que se está a executar no lugar de Martín, Brañiñas, Pol. 18, Parcela 158, Ribeira, en finca de referencia catastral 15074A018001580001LL, promovidas polo Sr. Heber Daniel Otero Salomón, xa que informa a arquitecta técnica municipal que non se axusta a licenza de obra nº 32/22.*

SEGUNDO.- *Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística (2023/DISU000010) en base a motivación de que a obra que se está a executar non se axusta a licenza de obra nº 32/22.*

(
...
)

SEXTO:- En cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, a **notificación** do Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade practicouse a D. Heber Daniel Otero Salomón, a Dna. M^a Remedios Martínez Suárez así como ao Sr. Intendente acetal - Xefe da Policía Local o día **4 de maio de 2023**, emprazándose aos interesados para o trámite de audiencia.

SÉTIMO:- Escrito rexistrado de entrada presentado o día **3 de agosto de 2023**, (Rexistro de entrada nº 18.303), por **D. Heber Daniel Otero Salomón**, mediante o que solicita o levantamento da paralización da obra nº 32/22 para o que presenta Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio oficial de Arquitectos de día 3 de agosto de 2023 redactado por D. Sergio Lucio Paniccia Mahieu, (arquitecto técnico col. 1.451).

OITAVO:- Informe técnico favorable emitido polo **arquitecto municipal** D.Óscar Pidre Mosquera tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **4 de agosto de 2023**.

NOVENO:-Informe xurídico favorable emitido polo **técnico de administración xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo D .José Martínez de Llano Orosa de data **6 de setembro de 2023**.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PRIMEIRA. A reposición da legalidade ten a finalidade de proceder a devolver a legalidade á situación exposta cando se realizou un acto que requira presentar comunicación previa, ou sexa necesaria licenza urbanística ou orde de execución, sen ser presentada ou outorgada ou incumprindo as condicións establecidas nas mesmas.

SEGUNDA. A **Lexislación aplicable** vén determinada por:

- Os artigos 152 e 153 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Os artigos 375 a 384 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.
- O artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- O Capítulo VII do Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

TERCEIRA. Cando se estivese realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exixible en cada caso ou sen axustarse ás condicións sinaladas no mesmo, a persoa titular



da alcaldía disporá a suspensión inmediata de devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándoo ao interesado.

Se estivesen acabadas as obras sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nas mesmas, a persoa titular da alcaldía, dentro do prazo de seis anos, a contar desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade.

[Tomarase como data de terminación das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito.

A estes efectos, de conformidade co previsto no artigo 377.1 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, considérase que son obras totalmente finalizadas aquelas que se atopen dispostas para servir ao fin ao que estivesen destinadas e en condicións de ser ocupadas sen necesidade de obra complementaria de ningún tipo, cando así o recoñeza o Concello.]

[Ademais de para as obras, será igualmente aplicable este réxime de reposición á legalidade aos parcelamentos, segundo o previsto no artigo 377.1 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro. A estes efectos, o prazo de seis anos contarase, para cada una das parcelas resultantes da segregación, desde o último acto de división física ou xurídica que deu lugar á mesma. Una vez transcorrido o prazo previsto neste artigo, non se considerará parcelamento a transmisión dos lotes resultantes do parcelamento orixinario.]

[Segundo o establecido no artigo 153.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, Transcorrido o prazo de caducidade de seis anos sen que se adoptasen as medidas de restauración da legalidade urbanística, quedarán suxeitas ao réxime previsto nos artigos 90 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, e 205 do regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

A estes efectos, entenderase que agás que resulten afectadas por vías, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos, ou na zona de protección establecida nos artigos 92.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, e 217.1 do seu regulamento, resultará de aplicación o réxime previsto no número 2 do artigo 205 do seu regulamento].

CUARTA:-O procedemento de reposición da legalidade deberá resolverse no prazo dun ano a contar desde a data do Acordo de iniciación.

O prazo indicado poderá suspenderse nos supostos legalmente previstos e, transcorrido o mesmo sen que se notificou a resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.

QUINTA:-As ordes de reposición da legalidade urbanística serán executivas desde o momento en que se ditan. As persoas obrigadas teñen que dispor dun prazo para executalas voluntariamente de conformidade co que establece a lexislación vixente.

En caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición ou de reconstrución do indebidamente demolido, a administración municipal procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables até lograr a execución polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 euros cada una.

Estas multas non teñen natureza sancionadora e son compatibles coas sancións que se poidan impor como consecuencia da tramitación dun procedemento sancionador de condutas tipificadas como infraccións urbanísticas.

A execución subsidiaria será a cargo da persoa obrigada. Antes de executar materialmente os actos que fosen ordenados, pode liquidarse provisionalmente o importe dos gastos, os danos e os prexuízos que se teñan que soportar previsiblemente, con vistas á súa liquidación definitiva. Cando a persoa obrigada non satisfaga voluntariamente as cantidades líquidas ás que estea obrigada, deberán esixirse pola vía de prema.

Cando sexa necesario elaborar un proxecto técnico de obras para executar subsidiariamente una orde de reposición, o órgano competente para ordenar a súa execución forzosa deberá elaboralo e aprobalo a cargo da persoa obrigada, sen que sexa preciso solicitar o título habilitante de natureza urbanística.

SEXTA:-O procedemento para levar a cabo a reposición á legalidade será o seguinte:

A. Antes do acordo de inicio do procedemento de reposición da legalidade urbanística vulnerada, o Alcalde pode levar a cabo as actuacións previas necesarias para coñecer as circunstancias do caso, determinar as persoas presuntamente responsables, coordinar a súa actuación con outra administración competente para iniciar o procedemento cando cumpra e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia de iniciar o procedemento ou archivar as actuacións, para iso, polos Servizos Técnicos Municipais emitírase informe sobre os actos



que se executaron, os responsables de devanditos actos e sobre a compatibilidade dos actos que se realizaron co ordenamento urbanístico.

B. Emitido o informe polos Servizos Técnicos, por Resolución de Alcaldía iniciárase, no seu caso, o procedemento de reposición da legalidade [*en caso de actuacións en curso de execución*], acordando a suspensión inmediata dos actos en curso de execución, e adoptando, de consideralo conveniente, as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade a que se refire o artigo 152.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 380.2 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

Esta iniciación deberá notificarse ás persoas interesadas, que disporán dun prazo de quince días hábiles para formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

[*En caso de actuacións en curso de execución*] Notificarase, ademais, ás empresas subministradoras de auga, enerxía eléctrica, gas e telefonía daquela actividade cuxa paralización se ordenou, que deberán suspender a súa correspondente subministración no prazo improrrogable de cinco días.

C. Así mesmo, dita Resolución de Alcaldía comunicárase ao Rexistro da Propiedade, para a súa publicidade e práctica dos asentos que correspondan, conforme á Lexislación hipotecaria.

D. Aos efectos da resolución do procedemento, poderán solicitarse aqueles informes que se xulguen necesarios para resolver.

Así mesmo, cando sexa necesario para acreditar os feitos relevantes para a resolución do procedemento, poderase dispor a apertura dun período de proba, non inferior a dez días nin superior a trinta, co fin de que se poidan practicar as que estime pertinentes. Os gastos que leve a práctica das probas serán a cargo da persoa interesada que as propoña, á que se lle poderá esixir por adiantado a reserva da súa liquidación definitiva.

E. Instruído o procedemento e antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto ás persoas interesadas ou, no seu caso, aos seus representantes, para que nun prazo de quince días hábiles, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

F. Finalizado o trámite de audiencia do interesado, adoptárase algún dos seguintes acordos, que deberán detallar con claridade e precisión o seu obxecto:

a) Se as obras ou os usos non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordáranse as medidas correspondentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica vulnerado a costa do interesado:

1º. A demolición das obras executadas.

2º. No seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido.

[*No caso de que a demolición afectase a un edificio ou construción obxecto de protección pola lexislación en materia de patrimonio cultural, a reconstrución, cando cumpra, deberá someterse ás normas establecidas para a conservación, restauración e mellora que lle sexan de aplicación na súa lexislación específica.*]

3º. A reposición dos terreos ao seu estado inicial.

4º. O cesamento da subministración dos servizos ou a prohibición da súa contratación.

5º. A prohibición da primeira utilización e ocupación dos edificios e das construcións.

6º. A execución das obras necesarias para impedir os usos ilegais.

7º. Se os usos non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordárase a cesación dos mesmos.

b) Se as obras ou os usos puidesen ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirírase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa. No caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordárase a demolición das obras a costa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que desen lugar.

c) Se as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenárase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outro tres a



petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar xustifíqueo.

Se, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos a costa do interesado.

G. A Resolución deberá notificarse aos interesados, e comunicarse ao Rexistro da Propiedade.

SÉTIMA:- No presente expediente, segundo o artigo 90 do PXOM de Ribeira, nos casos de parcelas nos que concorran distintas calificacións ou clasificacións de solo, terase en conta a que corresponda á ubicación do edificio, poidendo computarse o resto do solo que presente distinta calificación, se ben, ficará vinculado ao edificio. Se a edificación ocupa dous tipos de solo, terá que cumprir os estándares do mais esixente.

Polo tanto, é de aplicación a **ORDENANZA 6.3.A, RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA, artigo 157 do PXOM.**

OITAVA:- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

NOVENA:- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

DÉCIMA:- O artigo 19 da Lei do Solo de Galicia establece os dereitos dos propietarios de solo urbano, mencionando que teñen o dereito de completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable e, cando proceda, participar na execución de actuacións de transformación urbanística nun réxime de xusta distribución de beneficios e cargas.

DECIMOPRIMEIRA- O artigo 20 da Lei do Solo de Galicia recolle os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado do.

En solo urbano consolidado, os propietarios teñen os seguintes deberes:

a) *Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente.*

b) *Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento.*

c) *Regularizar os predios para adaptar a súa configuración ás exixencias do planeamento cando for preciso por ser a súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación.*

d) *Edificar os soares no prazo establecido.*

e) *Conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións establecidas no artigo 135.*

f) *Garantir o realoxamento dos ocupantes legais que se precise desalojar de inmobles situados na área de actuación e que constituían a súa residencia habitual, así como o retorno cando teñan dereito a el, nos termos establecidos na lexislación vixente.*

Igualmente, deberán indemnizar os titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións e plantacións que non poidan conservarse.



DÉCIMOSEGUNDA:- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

DÉCIMO TERCEIRA:-O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos **no expediente** consta **Proxecto Básico e de Execución** visado polo Colexio oficial de Arquitectos de día **3 de agosto de 2023** redactado por D.. Sergio Lucio Paniccia Mahieu, (arquitecto técnico col. 1.451).

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

DÉCIMO CUARTA:-O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixíranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.



DÉCIMO QUINTA.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

DÉCIMO SEXTA.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

DÉCIMO SÉTIMA.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. *As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG). Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.*
2. *As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.*
3. *As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.*
4. *A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:*
 - a) *Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.*
 - b) *Finalidade da actuación e uso a que se destinará.*
 - c) *Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.*
 - d) *Orzamento de execución material.*
 - e) *Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.*
 - f) *Nome ou razón social da persoa promotora.*
 - g) *Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.*
 - h) *Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.*
 - i) *Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.*
5. *Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.*
6. *Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza*



municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

DÉCIMO OITAVA.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

ACORDO:

De acordo cos antecedentes obrantes no expediente de referencia, e

VISTO o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **4 de agosto de 2023**

VISTO o informe favorable emitido polo **técnico de administración xeral adscrito ó Servizo de Urbanismo** de data **6 de setembro de 2023**.

VISTO o informe favorable emitido polo secretario xeral da Corporación de data **13 de setembro de 2023**.

CONSIDERANDO os artigos 381 e 382 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar que as obras e actuacións proxectadas na vivenda unifamiliar sita no lugar de Martín, Brañiñas, Pol. 18, Parcela 158, Ribeira finca de referencia catastral 15074A018001580001LL, son legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico.

SEGUNDO.- Dispoñer o levantamento da paralización e proceder ao arquivo do expediente de reposición da legalidade urbanística, EXP 2023/DISU000010

TERCEIRO.- Conceder a D. Heber Daniel Otero Salomón, a **modificación da licenza de obras nº 32/22** para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Martín, Brañiñas, Pol. 18, Parcela 158, Ribeira, finca de referencia catastral 15074A018001580001LL, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio oficial de Arquitectos de día 3 de agosto de 2023 por D. Sergio Lucio Panicia Mahieu, (arquitecto técnico col. 1.451).

CUARTO.- A obra reiniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

QUINTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

-Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.

-Acta de recepción de edificio terminado.

-Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.

-Certificado de eficiencia enerxética.

-Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos.

-Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico



das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos

SEXTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.

-A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.

-Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.

-O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.

-Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

-Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.

-A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.

-A obra realízase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.

-Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.

-As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.

-Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

-Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado

SÉTIMO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción



autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

DÉCIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto

DÉCIMO PRIMEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seudestino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

DÉCIMO SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados entendo como tal D. Heber Daniel Otero Salomón, Dña. M^a Remedios Martínez Suárez así como ao Sr. Intendente acctal - Xefe da Policía Local.

6.- LICENZA MUNICIPAL para AMPLIACIÓN DE TERRAZA POSTERIOR EN VIVENDA. LUGAR:- RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO Nº 69, AGUIÑO.RIBEIRA. PROMOTORES: MANUEL JESÚS VILAR PÁJARO

VISTA a solicitude de licenza de obra maior formulada por **D. Manuel Jesús Vilar Pájaro** para **AMPLIACIÓN DE TERRAZA POSTERIOR EN VIVENDA**, no lugar de **RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO Nº 69,AGUIÑO, RIBEIRA**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes da arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación** de data 19 de xuño de 2023 e do **secretario xeral da Corporación** de data 6 de xullo de 2023, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D. Manuel Jesús Vilar Pájaro** licenza de obra maior (Nº 30/23) para **AMPLIACIÓN DE TERRAZA POSTERIOR EN VIVENDA**, (REFERENCIA CATASTRAL: 8781427MH9088S SUPERFICIE PARCELA: 264,00 m2) no lugar de **RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO Nº 69, AGUIÑO, RIBEIRA**.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da



licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.


Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.



Plano nº 3.2 do PXOM. SÓLO URBANO

A parte da parcela situada ao norte, atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Rústico Común**.

De acordo coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo rústico aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico.

Da consulta do PBA, obsérvase que a parcela para a que se solicita información atoparíase afectada pola zona de policía do río Azor, curso fluvial 1003779532, polo que haberá que outorgarlle, á parte clasificada como solo rústico, a categoría de solo **solo rústico de protección de augas**, recollida no artigo 34.2.c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Os **usos e actividades permitidos**, o **réxime dos usos** e as **condicións xerais da edificación** para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

11.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Frey Nancy Louise

Visto o escrito presentado por **Frey Nancy Louise**, de data 28/07/2023 (Rexistro de entrada nº 17.875), no que solicita certificación urbanística en relación á vivenda sita na primeira planta do edificio Faro de Aguiño, sito na Rúa Mestre Xosé Sans s/n, Aguiño, Ribeira, construído en base á licenza de obra nº 433/2004 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 7 de outubro de 2004 á entidade MARQUIGAL, S.L., e que data da emisión da presente non ten concedida licenza de primeira ocupación.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 14/09/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, se informa que con independencia de expediente incoado pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística como entidade titular da restauración da legalidade urbanística, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificio Faro de Aguiño, sito na Rúa Mestre Xosé Sans s/n, Aguiño, Ribeira, construído en base á licenza de obra nº 433/2004 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 7 de outubro de 2004 á entidade MARQUIGAL, S.L.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE - Alicia Pena Estévez

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

13908 07.06.2023 ALICIA PENA ESTÉVEZ, para vivenda situada na rúa das Cobas, 5, Castiñeiras.



13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE - Lorenzo Coya Zapata

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

8925 11.04.2023 LORENZO COYA ZAPATA, para vivenda situada na rúa Deán Pequeño, 35.

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE - Juan Antonio Domínguez Laranga

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

12841 25.05.2023 JUAN ANTONIO DOMÍNGUEZ LARANGA, para edificio de 12 vivendas, na rúa do Carolo, nº 17, Palmeira.

15.- FINALIZACIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUNHA PARCELA SITA EN CORRUBEDO, PROPIEDAD DE D^a M^a LUISA E D^a RAMONA ARIAS MANEIRO. EXPEDIENTE 2022 PATR000007.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- No ano 2018, D^a Luisa Maneiro Romay, con DNI número 14.966.210-A, era propietaria da parcela que se describe a continuación, segundo consta en escritura pública de compravenda, autorizada polo Notario que foi de Porto do Son, Don José Manuel Rodríguez Casal, na data 28/09/1.993, co número 461 do seu protocolo: *“Finca rústica, sita en Corrubedo, municipio de Ribeira, labradío, denominada “LEIRA DA HERBA”, de nove áreas e sesenta centiáreas (960 metros cadrados), que linda: Norte, estrada; Sur, herdeiros de José Hermo; Este, herdeiros de Bernardo Romay; e Oeste, Manuel Romay. Inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Tomo 858, Libro 214, Folio 78, Finca nº 18.092. Referencia catastral: 4339003MH9143N0001XZ e 4339004MH9143N0001IZ.”*

2.- A estes efectos, na data 01/06/2018, procedeuse á sinatura do **“Convenio entre o Concello e o propietario cedente. Asunto: Cesión de parcela para aparcamento.”**, polo que se procedía ao arrendamento da citada parcela por parte do Concello de Ribeira, que foi ratificado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 11/10/2018.

3.- Na data 26/11/2019 falece a Sra. Maneiro Romay, polo que por Decreto da Alcaldía de data 25/08/2020, resolvese subrogar a D^a M^a Luisa Arias Maneiro, con DNI número 15969718J, e a D^a Ramona Arias Maneiro, con DNI número 15905692L, na porcentaxe do 50% cada unha, nos dereitos da súa nai, D^a Luisa Maneiro Romay, con DNI número 14966210A, en concepto de arrendadora do contrato de arrendamento da finca sita en Corrubedo denominada *“Leira da Herba”*, subscrito con este Concello, para destinala a aparcadoiro municipal.



4.- Na data 11/10/2020, cumpriuse o prazo de duración de dous anos do contrato de arrendamento asinado polas partes, cuxa cláusula cuarta prevé a súa prórroga ano a ano ata un máximo de cinco, prórroga que deberá realizarse de forma expresa e por escrito de ambas partes.

5.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na data 04/03/2021, acordouse prorrogar o prazo de vixencia do contrato de arrendamento por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 12/10/2020 ata o día 12/10/2021 (1ª prórroga).

6.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na data 03/03/2022, acordouse prorrogar, por segunda vez, o prazo de vixencia do contrato de arrendamento por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 13/10/2021 a 13/10/2022 (2ª prórroga).

7.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na data 16/02/2023, acordouse prorrogar, por terceira vez, o prazo de vixencia do contrato de arrendamento por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 14/10/2022 ata o día 14/10/2023 (3ª prórroga).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoables, valores negociables e propiedades incorporais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial, conformada polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e pola Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

SEGUNDA.- A cláusula 4ª do Convenio asinado polas partes para o alugueiro da parcela, dispón que o prazo de cesión establécese en dous anos, prorrogables ano a ano ata un máximo de cinco anos, data na que automaticamente e sen necesidade previa de comunicación quedará extinguido o presente contrato, salvo prórroga expresa e por escrito de ambas partes.

TERCEIRA.- O órgano competente para a adopción dos acordos correspondentes é o Alcalde, de conformidade co disposto na Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 20/09/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar por finalizado na data 14/10/2023 o contrato de arrendamento subscrito entre o Concello de Ribeira a a propiedade da parcela denominada “*Leira da Herba*”, sita en Corrubedo, en aplicación e cumprimento da cláusula 4ª do mesmo que limita a duración daquel ata un máximo de 5 anos, prórrogas incluídas.



SEGUNDO.- Anotar a finalización do contrato no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

TERCEIRO.- Notificar a resolución a D^a M^a Luisa e D^a Ramona Arias Maneiro, así como ás unidades administrativas afectadas polo presente expediente administrativo.

16.- FINALIZACIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUNHA PARCELA SITA EN CORRUBEDO, PROPIEDAD DE D^a M^a DOLORES HERMO MARTÍNEZ. EXPEDIENTE 2022 PATR000010.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- D^a M^a Dolores Hermo Martínez, con DNI número 76.504.834-A, é propietaria da parcela que se describe a continuación, segundo consta en escritura pública de manifestación e adxudicación de herdanza, autorizada polo Notario que foi de Ribeira, D. Óscar Manuel López Doval, na data 29/07/2005, co número 1.113 do seu protocolo: *“URBANA: CASA composta de planta baixa duna 129 metros cadrados, e planta alta duns 122 metros cadrados, sita na Rúa da Fonte, que ten unido un anaco de terreo duns 3.984 metros cadrados, no que se sitúa un galpón destinado a almacén de planta baixa duns 83 metros cadrados. O conxunto forma unha soa finca, sinalada tamén cos números 5, 9 e 11 da Rúa Chaprado, parroquia de Corrubedo, municipio de Ribeira, dunha superficie total aproximada de 4.103 metros cadrados; que linda: Norte, Andrés Rodríguez Triñanes, Luisa Maneiro Romay, Juan José Gómez Romay, Ramona Díaz Brión, José Teira Sanlés, Dolores Castro Martínez e a finca coa referencia catastral 4339023MH9143N0001PZ; Sur, Andrés Rodríguez Triñanes, Rosa Martínez Mariño, Andrés Romay Brión, Camila García Brión, Relento S.L., Elena Brión Paz e Adelino Martínez Martínez; Este, Adelino Martínez Martínez, Carmen Prego Brión, José Teira Sanlés e Juan José Gómez Romay; e Oeste, Andrés Rodríguez Triñanes, Dolores Armental García, Josefa Armental Lojo, Andrés Romay Brión, Camila García Brión, Relento S.L. e Elena Brión Paz. Non se ten datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade. Referencia catastral: 4339024MH9143N0001LZ, 4339038MH9143N0001EZ, 4339039MH9143N0001SZ e 4339041MH9143N0001EZ.”*

2.- A estes efectos, na data 07/08/2018, procedeuse á sinatura do **“Convenio entre o Concello e o propietario cedente. Asunto: Cesión de parcela para aparcamento. María Dolores Hermo Martínez”**, polo que se procedía ao arrendamento da citada parcela por parte do Concello de Ribeira, que foi ratificado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 11/10/2018.

3.- Na data 11/10/2020, cumpriuse o prazo de duración de dous anos do contrato de arrendamento asinado polas partes, cuxa cláusula cuarta prevé a súa prórroga ano a ano ata un máximo de cinco, prórroga que deberá realizarse de forma expresa e por escrito de ambas partes.

4.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na data 11/03/2021, acordouse prorrogar o prazo de vixencia do contrato de arrendamento por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 12/10/2020 ata o día 12/10/2021 (**1^a prórroga**).



5.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na data 10/03/2022, acordouse prorrogar por segunda vez o prazo de vixencia do contrato de arrendamento por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 13/10/2021 ata o día 13/10/2022 (2ª prórroga).

6.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na data 16/02/2023, acordouse prorrogar por terceira vez o prazo de vixencia do contrato de arrendamento por unha duración de 1 ano, con carácter retroactivo, é dicir, que o ano abarcaría desde a data 14/10/2022 ata o día 14/10/2023 (3ª prórroga).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- De conformidade co artigo 9.2 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, están excluídos do ámbito de aplicación da mesma, os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoables, valores negociables e propiedades incorpórais, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexéranse pola lexislación patrimonial, conformada polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e pola Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

SEGUNDA.- A cláusula 4ª do Convenio asinado polas partes para o alugueiro da parcela, dispón que o prazo de cesión establécese en dous anos, prorrogables ano a ano ata un máximo de cinco anos, data na que automaticamente e sen necesidade previa de comunicación quedará extinguido o presente contrato, salvo prórroga expresa e por escrito de ambas partes.

TERCEIRA.- O órgano competente para a adopción dos acordos correspondentes é o Alcalde, de conformidade co disposto na Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, competencia que no Concello de Ribeira está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

Por elo, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 20/09/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar por finalizado na data 14/10/2023 o contrato de arrendamento subscrito entre o Concello de Ribeira e Dª Mª Dolores Hermo Martínez da parcela antes descrita sita en Corrubedo, en aplicación e cumprimento da cláusula 4ª do mesmo que limita a duración daquel ata un máximo de 5 anos, prórrogas incluídas.

SEGUNDO.- Anotar a citada finalización do contrato no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo.

TERCEIRO.- Notificar a resolución a Dª Mª Dolores Hermo Martínez, así como ás unidades administrativas afectadas polo presente expediente administrativo.



17.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DO PROXECTO: AULA GALEGA DE SAXOFÓN – PERÍODO OUTUBRO 2023/XUÑO 2024

Vista a **proposta de aprobación de prezos públicos** da Concelleira Delegada de Educación, María Cruz Rivadulla Márquez, de data 18/09/2023, no que se solicita a aprobación de prezos públicos para a realización do proxecto “Aula Galega de Saxofón” - Período Outubro 2023/Xuño 2024.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 18/09/2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1.- A aprobación dos seguintes prezos públicos:

SAXOFÓN	ALUMNOS MÁXIMOS POR ENCONTRO	DURACIÓN POR ENCONTRO	PREZO XERAL POR ENCONTRO	PREZO ALUMNOS CONSERVATORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA
MODELO 1	11	60 MIN	58,00 €	50,00 €
MODELO 2	4	45 MIN	44,00 €	38,00 €
OINTES			15,00 €	GRATUITO

PIANO	ALUMNOS MÁXIMOS POR ENCONTRO	DURACIÓN POR ENCONTRO	PREZO XERAL POR ENCONTRO	PREZO ALUMNOS CONSERVATORIO MUNICIPAL DE RIBEIRA
MODELO 1	3	60 MIN	58,00 €	50,00 €
MODELO 2	4	45 MIN	44,00 €	38,00 €
OINTES			15,00 €	GRATUITO

2.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación destes prezos públicos tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, así como nas dependencias do servizo organizador da actividade (Cmus Profesional de Riveira “Enrique Paisal”).

O anuncio deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ata que as actividades previstas teñan rematado.

18.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONCENTRACIÓN MOTEIRA - Motoclub Os Reventapistóns

Vistos o s escritos presentados por Iván Oliveira Abelleira en representación do **Motoclub Os Reventapistóns**, de datas 2, 17 e 18/058/2023 (Rexistros de entrada nº 18.178, 19.025 e 19.110), nos que solicita autorización para a celebración dunha concentración moteira os 29 e 30/09/2023 e 01/010/2023, así como a disposición de espazos municipais na zona de Coroso, a colaboración municipal para a celebración do evento (contedores de lixo, valados, uso de aseos portátiles, servizo de limpeza...), e autorización para montaxe de barra portátil de bebidas ata as 05:00 h.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**.



- Autorizar a a celebración dunha concentración moteira os 29 e 30/09/2023 e 01/10/2023, con instalación de barra portátil de bebidas ata as 05:00 h.
- Prestar a colaboración municipal para a celebración do citado evento (Coa excepción do valado)
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

19.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- L.R.R.

Vista a proposta **da Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, na Vicente Mariño de Bricio, de data 10/09/2023, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **L.R.R.**, mediante escrito de data 23/08/2023 (Rexistro de entrada nº 19.353).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 05/09/2023, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a **L.R.R.** unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **183,13 €**, en concepto de débeda factura electricidade.

20.- REGULACIÓN DE TRÁFICO EN ENTORNO DE AS AGRAS EN CORRUBEDO PARA FACILITAR O SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 02/08/2023, relativa á regulación de tráfico en entorno de As Agrads, en Corrubedo, para facilitar o servizo de recollida de lixo, no que sinala:

"Que en el entorno de As Agrads de Corrubedo, dicho servicio municipal está padeciendo dificultades para realizar la labor de vaciado de los colectores allí ubicados, debido a que en la temporada de afluencia de turistas y propietarios de inmuebles durante la época estival y vacacional en general, el estacionamiento de vehículos se realiza sin control alguno y en cualquier caso sin tener en cuenta el necesario y obligado paso al servicio municipal de limpieza con sus camiones. Este problema se viene registrando en los meses de julio, agosto y coincidentes con semana santa.

Por este motivo se aconseja la regulación del tráfico mediante señal vertical fija de prohibido estacionar en los lugares indicados en el mapa adjunto (en un solo margen), si bien, debe figurar la leyenda en panel complementario estableciendo su vigencia durante los meses de julio, agosto y semana santa, ya que es cuando hasta la fecha viene acaeciendo la problemática."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aprobar a regulación do tráfico no entorno de As Agrads de Corrubedo mediante sinal vertical fixa de prohibido estacionar nos lugares indicados pola Policía Local (nun só marxe), debendo figurar a lenda en panel complementario establecendo a súa vixenza durante os meses de xullo, agosto e Semana Santa.
- Os contedores de lixo deberán ubicarse no mesmo sitio.



21.- REGULACIÓN DE TRÁFICO EN INTERSECCIÓN RÚA NORO CON AVDA. DA CORUÑA E O SEU ESTACIONAMENTO

Vistas as propostas presentadas pola Policía Local, de datas 15 e 19/09/2023, relativas á regulación de tráfico en intersección de Rúa Noro con Avda. da Coruña, así como o seu estacionamento, para dar maior fluidez ás entrada/saídas de garaxes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a proposta de regulación presentada pola Policía Local debendo adoptarse as medidas suxeridas na citada proposta policial.

22.- SOLICITUDE DE PINTADO DE LIÑA AMARELA NO LUGAR DE LAXES – Xavier Vidal Peón

Visto o escrito presentado por Xavier Vuilal Peón, de data 16/08/2023 (Rexistro de entrada nº 18.913), no que solicita o pintado de liña amarela no Lugar de Laxes, en concreto en Mamoa 36 B na esquina co cruce, por falta de visibilidade ao saír do calexón ao estar estacionados os vehículos.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 15/09/2023, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar o pintado de liña amarela na citada intersección, para facilitar a visibilidade no tráfico de vehículos.

23.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE ESPELLO DE TRÁFICO EN CORRUBEDO – Ana Muñiz Brión

Visto o escrito presentado por **Ana Muñiz Brión**, de data 31/05/2023 (Rexistro de entrada nº 13.272), no que solicita a instalación dun espello de tráfico no cruce de Rúa Atalaia con Camiño da Ceboleira (Corrubedo).

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 14/09/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a instalación dun espello de tráfico no cruce de Rúa Atalaia con Camiño da Ceboleira (Corrubedo), segundo o sinalado no citado informe policial.

24.- SOLICITUDE RESERVA DE ESTACIONAMENTO CARGA/DESCARGA EN PASEO DAS CAROLINAS – Restaurante Marisquería Tío Pepe

Visto o escrito presentado por Domingo Molinos Bermúdez en representación do establecemento hostaleiro **Restaurante Marisquería Tío Pepe**, de data 30/08/2023 (Rexistro de entrada nº 19.760), no que solicita unha reserva de estacionamento para carga/descarga no Paseo das Carolinas (Ribeira), preto do establecemento hostaleiro Restaurante Marisquería Tío Pepe.

Visto o informe desfavorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 13/09/2023, no



que sinala:

“Que las reservas de via para carga y descarga se crean en zonas donde al menos se pueden valer dos locales comerciales, que para su uso deberán cumplir una serie de condiciones como se indica en la ordenanza Municipal de Circulación, artículo 13 “sólo podrá ser utilizada por vehículos destinados al transporte de mercancías rotulados como peso máximo autorizado 12.500kg, quedando excluida la utilización por ciclos, ciclomotores, motocicletas, autobuses, remolques, maquinaria y similares y durante el horario de utilización.

Como medida de aprovechamiento del espacio público en la zona, a escasos metros del restaurante se crearon 7 reservas de estacionamientos expres de tiempo máximo 15 minutos para poder efectuar gestiones entre ellas carga y descarga de mercancías.

A juicio de la policía Local la creación de una zona de carga y descarga en las inmediaciones del local no sería lo adecuado para el aprovechamiento del espacio público disponible, convirtiéndose la reserva de via de carga y descarga en beneficio de un solo local.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda denegar** a solicitude de reserva de estacionamento para carga/descarga no Paseo das Carolinas (Ribeira), presentada por Domingo Molinos Bermúdez en representación do establecemento hostaleiro Restaurante Marisquería Tío Pepe, polas razóns argumentadas no parágrafo anterior, que forma parte do citado informe policial.

25.- REGULACIÓN DE TRÁFICO EN ACCESO A COMUNIDADE DE VECIÑOS DE RÚA MANZANARES-PERÚ B1 E B2

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 13/09/2023, relativa á regulación de tráfico á comunidade de veciños da Rúa Manzanares-Perú B1 e B2.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 13/09/2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes **acorda**:

- **Autorizar** a instalación duns elementos (maceteiros, bolardos...) a media distancia da porta de acceso ao domicilio para garantir o paso libre aos residentes dese edificio e, ao mesmo tempo, non dificulte a posible manobra dos vehículos que aparquen nas beiras ou mesmo cambiar o sentido dos vaian ata o fondo de esa rúa “sen saída”, segundo o sinalado no citado informe policial.

26.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN PROCESIÓN EN COCHE – A.C. O Serriño Os Milleros de Aguiño

Visto o escrito presentado por Manuel Parada Prado en representación de **A.C. O Serriño Os Milleros de Aguiño**, de data 11/09/2023 (Rexistro de entrada nº 20.763), no que solicita autorización para a celebración dunha procesión en coche, o día 01/10/2023, dende a Igrexa ata Couso, pasando por diferentes rúas de Aguiño; así mesmo solicitan vehículo para transporte da imaxe e 8 valados na área recreativa de Couso.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- Autorizar a celebración dunha procesión en coche, o día 01/10/2023, dende a Igrexa ata Couso, pasando por diferentes rúas de Aguiño
- Denegar a cesión temporal dun vehículo municipal para transporte da imaxe.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

27.- SOLICITUDE DE LOCAL OU PRÓRROGA DO USO DO DESPACHO NO VIVEIRO DE EMPRESAS – A. Mulleres en Acción do Barbanza

Visto o escrito presentado por María Leonor Estévez Álvarez en representación da Asociación Mulleres en Acción do Barbanza, de data 15/08/2023 (Rexistro de entrada nº18.869), no que solicita a disposición dun local en Ribeira para poder desenvolver as súas actividades, ou a prórroga do convenio para o uso do despacho no Viveiro de Empresas de Ribeira que estar a ocupar na actualidade a Asociación Mulleres en Acción do Barbanza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Prorrogar o convenio para o uso do despacho no Viveiro de Empresas de Ribeira que está a ocupar na actualidade a Asociación Mulleres en Acción do Barbanza.
- Así mesmo, e só para uso puntual e se estiveran dispoñibles, poden solicitar utilizar as instalacións da Casa da Xuventude ou o Centro Cultural Lustres Rivas.

28.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO POLÍGONO 8 (MODIFICADO)

VISTO o expediente de aprobación do **MODIFICADO do Plan Especial de Reforma Interior del Poligono 8** que se está tramitando neste Concello, e con base aos seguintes,

I ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro:-Providencia de Alcaldía de data 13 de novembro de 2020.

Segundo:-Informe de Secretaría de data 15 de marzo de 2021.

Terceiro:-Acordo sobre inicio do expediente de Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo de 2021.

Cuarto:-Acordo de Xunta de Goberno Local de data 16 de setembro de 2021 polo que se resolve solicitar de xeito inmediato ante a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente (Xefatura do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas) unha prórroga de dous anos para aprobación definitiva do “Plan Especial de Reforma Interior do Polígono 8 previsto no PXOM de Ribeira (Expte 2015AAE1817)

Quinto:-Informe de Secretaría de data 15 de outubro de 2021 no que se conclúe que: “El Plan Especial de Reforma Interior correspondiente al polígono de suelo urbano non consolidado del Plan General de Ordenación Municipal de Ribeira, denominado A-8/PXOM y promovido por la entidad CONGALSA cumple con los límites de edificabilidad y estándares de cesiones y equipamientos previstos en la Ley 2/2016, de Suelo de Galicia”



Sexto:-Resolución de data 20 de outubro de 2021 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia pola que se acorda “PRORROGAR A VIXENCIA DO INFORME AMBIENTAL ESTRÉXICO DO “PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO POLIGONO 8 PREVISTO NO PXOM DE RIBEIRA, POR UN PRAZO MÁXIMO DE DOUS ANOS. ESTE PRAZO EMPEZARÁ A CONTAR O 16.12.2021” (ATA O 16 DE DECEMBRO DE 2023)”

Sétimo:-Informe emitido polo arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación con data 22 de decembro de 2022 D. Manuel Sabín Sabín

Oitavo:-Informe favorable emitido pola Secretaría Xeral do Concello con data 27 de decembro de 2022.

Noveno:-Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 29 de decembro de 2022 do seguinte tenor literal na su parte dispositiva:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DEL POLÍGONO 8, que incorpora as previsións recollidas no Informe Ambiental Estratéxico emitido polo órgano ambiental, nos termos que obran no expediente.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e anunciarse, ademais, un dos xornais de maior difusión na provincia. Durante o devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes, estando a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.ribeira.gal>.]

TERCEIRO. Suspender o outorgamento das licenzas nas áreas afectadas pola aprobación do Plan Especial. A duración da suspensión é de dous anos, que levantarase se, transcorrido un ano, non se somete a exposición pública a proposta de Plan Esta suspensión publicárase conxuntamente coa aprobación inicial.

CUARTO. Notificar individualmente o trámite de información pública a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

QUINTO. Solicitar, no seu caso, ás Administracións afectadas pola súa competencia sectorial para que emitan o correspondente informe aos efectos regulados na Lexislación sectorial. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable.

Décimo:-Presentación de novo proxecto adaptado ás esixencias da Xunta de Galicia

Décimo primeiro:-Informe emitido con data 4 de xullo de 2023 polo arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación D. Manuel Sabin Sabín do seguinte tenor literal:

De acuerdo con el PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de RIBEIRA, aprobado el 17 de Diciembre de 2.002. Al objeto de ver la viabilidad de lo solicitado y ajustarse a la Normativa reseñada, en cuanto a los parámetros urbanísticos y sin entrar en las valoraciones o competencias de otros organismos y La Ley del Suelo 2/2.016, además para este caso concreto, en el que como el PGOM no está adaptado a la Ley del Suelo y de acuerdo con la Disposición Transitoria Primera de la Ley 2/2016, en el punto 2 , dice: al suelo urbano que reúna las condiciones establecidas en el Art. 17.b) de la presente ley, se le aplicará lo dispuesto en la misma para el suelo urbano no consolidado.



Se presenta PLAN ESPECIAL de REFORMA INTERIOR con las modificaciones requeridas para la Ordenación detallada del Polígono nº 8. Redactado por los Arquitectos, D. Manuel Carbajo Capeáns y D. Celso Barrios Ceide.

Atendiendo al requerimiento de la Xunta de Galicia, por parte del Equipo redactor se atendió a subsanar los puntos demandados por la Xunta por lo que se ha presentado Nuevo documento modificado en el que se incluyen las modificaciones demandadas.

En vista a lo expresado anteriormente y viendo que está completada y corregida la documentación exigida para su tramitación en el art. 184 del RLS es por lo que consider que podrá proseguir con el trámite contemplado en el art. 186 del RLS.

Decimosegundo:-Informe emitido con data 19 de setembro de 2023 polo Secretario Xeral da Corporación sobre o proxecto modificado

II LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 70 a 76, 82 a 90 de Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Os artigos 29 a 32 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.
- Os artigos 177 a 184, e 185 a 187 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.
- Os artigos 34 a 45 do Regulamento da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, de 29 de maio.
- Os artigos 21.1.j), e 22.2.c) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Téñase en conta á súa vez, a Lexislación sectorial aplicable citada no Anexo Final.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación polo Alcalde (sen prexuízo do réxime de delegación de competencias a favor da Xunta de Goberno Local establecido no Decreto de 17 de xuño de 2019), de conformidade cos artigos 21.1 j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 75.1 a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Vista a proposta de resolución emitida ao respecto pola Alcaldía, de data 19/09/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o **PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DEL POLÍGONO 8 (MODIFICADO)**, que incorpora as previsións recollidas no Informe Ambiental Estratéxico emitido polo órgano ambiental, nos termos que obran no expediente, así como os requirimentos efectuados pola Xunta de Galicia en relación do documento aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local en data de 29 de decembro de 2022.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e anunciarase, ademais, un dos xornais de maior difusión na provincia. Durante o devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes, estando a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.ribeira.gal>.]



TERCEIRO. Suspende o outorgamento das licenzas nas áreas afectadas pola aprobación do Plan Especial.

A duración da suspensión é de dous anos, que levantarase se, transcorrido un ano, non se somete a exposición pública a proposta de Plan

Esta suspensión publicarase conxuntamente coa aprobación inicial.

CUARTO. Notificar individualmente o trámite de información pública a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

QUINTO. Solicitar, no seu caso, ás Administracións afectadas pola súa competencia sectorial para que emitan o correspondente informe aos efectos regulados na Lexislación sectorial. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable.

29.- SOLICITUDE FESTIVOS LOCAIS – Asociación Empresarial da Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas

Visto o escrito presentado por Lois Lopes García en representación da **Asociación Empresarial da Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas**, de data 19/09/2023 (Rexistro de entrada nº 21.644), no que solicita sexa reflectida na Xunta de Goberno Local previa ao Pleno a súa opinión relativa a que sexan seleccionados como festivos locais do 2024 no Concello de Ribeira, o Martes de Entroido (13/02/2024) e o día central da Festa da Dorna (24/07/2024).

A Xunta de Goberno Local queda enteirada da solicitude de referencia relativa á selección dos festivos locais para o ano 2024.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:40 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

